



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria	Código	652608823		
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es		
Profesorado	Cano López, Pablo Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es montserrat.muriano@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Con esta materia propoñémonos ofrecer orientacións sobre as vías de acceso ao exercicio profesional e, sobre todo, algúns criterios e modelos para o exercicio dos labores de programación e avaliación, que constitúen a cerna da profesión docente. Non temos, por suposto, a pretensión de receitar remedios específicos para todos e cada un dos problemas profesionais cos que ten que enfrontarse un docente. Se existen «fármacos» tales (cousa improbable, polo demais), nós ignoramos as súas fórmulas... O noso obxectivo é ben máis modesto. Consiste, por así o dicir, en botar a semente da reflexión metodolóxica, tanto máis necesaria canto máis precaria é a posición do docente nas aulas e menos segura a boa disposición do estudantado. Estamos certos de que, se nós logramos plantala, os nosos alumnos serán quen a facer que xermole e prenda, que é, no fin de contas, o que máis importa.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A20	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A24	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A27	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os/as estudantes deben demostrar coñecemento teórico e dominio práctico dos principios e criterios que presiden o proceso de desenvolvemento e concreción do currículo (con especial atención aos que se refiren ao deseño de unidades didácticas, que e a súa derradeira fase).	AP20		CM1
	AP21		CM3
	AP27		CM4
			CM6



Os/as estudantes deben familiarizarse coas concepcións «modernas» da avaliación, as cales, no canto de a reducir ao mero acto de corrixir e puntuar, prefiren contemplala como unha práctica que precede, acompaña e segue ao proceso de ensinanza-aprendizaxe (e que, por tanto, axuda a planificalo, a xestionalo e, por suposto, a valorar os seus resultados e extraer leccións para o porvir).	AP24		CM1 CM3 CM4 CM6
En primeiro lugar, os/as estudantes deben tomar conciencia da(s) diversidade(s) que pobo(a)n as nosas aulas; en segundo lugar, deben explorar as posibles abordaxes desa realidade ineludible, asimilando (reflexiva e criticamente) algunhas das pautas e suxestións dos especialistas en orientación educativa, e mais asumindo os valores do respecto da diferenza e a consideración por «o outro».	AP20 AP21 AP27		CM1 CM3 CM4 CM6
Os/as estudantes deben coñecer, grosso modo, as etapas do proceso de selección do persoal docente dos centros de titularidade pública, tomando conciencia dos principios que o presiden (igualdade, mérito, capacidade) e establecendo as oportunas comparacións cos procedementos en uso nos países do noso contorno.			CM1 CM3 CM4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. CUESTIÓNS PREVIAS	1.1. A noción de curriculum 1.2. Os niveis de concreción curricular no sistema educativo español 1.3. A lingua e a literatura no marco legislativo do Ensino Secundario en Galicia
2. A PROGRAMACIÓN	2.1. A programación de aula: que é?, que criterios presiden a súa elaboración? 2.2. As unidades didácticas: que son?, como se deseñan?, cales son as condicións xerais que deben satisfacer?
3. A AVALIACIÓN	3.1. Concepto e tipos 3.2. Obxectivos, criterios e instrumentos 3.3. Do dito ao feito: como debería e como adoita avaliar o profesorado de Lingua e Literatura
4. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA	4.1. A atención á(s) diversidade(es), unha responsabilidade... e un desafío 4.2. Algunhas orientacións de alcance xeral
5. APÉNDICE: DE GRADUADO EN LINGUA E LITERATURA A TRABALLADOR DO ENSINO	5.1. O estatus laboral do docente na escola pública española 5.2. Vías de acceso ao exercicio profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	12	0	12
Obradoiro	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	14	25	39
Traballos tutelados	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	2	45	47
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os docentes farán unha presentación breve, mais substancial, das cuestións nucleares da materia, esforzándose en todo momento por poñer de manifesto que as disquisicións teóricas non son simples logomaquias, senón que teñen gran relevancia para a planificación do traballo de aula. Que é a teoría de hoxe senón o que fica tras someter a práctica de onte a un proceso ?descúlpese a metáfora? de filtrado e refinado?
Obradoiro	<p>Espérase que o alumnado participe de xeito activo nos distintos obradoiros programados na aula, así como, se as houber, naquelas actividades que se leven a cabo fóra dela. A asistencia, imprescindible para optar á avaliación desta parte da materia, será controlada polo equipo docente.</p> <p>Cabe a posibilidade de que, para facilitaren a avaliación do seu labor, os/as estudantes teñan que entregar un portafolio no que quede constancia das súas reflexións sobre os asuntos abordados nos obradoiros.</p>
Traballos tutelados	Baixo a dirección dos docentes, os/as estudantes terán que facer un bosquejo de unidade didáctica para as materias de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura, orientada cara a alumnos/as de ESO ou Bacharelato.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	Cando os/as alumnos/as leven a cabo tarefas de carácter propiamente creativo (sono case todas as relacionadas co deseño das programacións de aula), o equipo docente orientará os seus esforzos ofrecéndolles modelos ou consellos. Esta intervención poderá producirse tanto nas horas lectivas como nas de titoría.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Unha advertencia que engadimos ao dito no apartado de «Metodoloxía»: a asistencia regular é requisito indispensable para que o equipo docente tome en consideración as achegas que un/unha alumno/a faga no marco dos obradoiros. Considerarase regular a asistencia de todos/as os/as estudantes que estean presentes na aula, cando menos, nun 80 % das horas lectivas.	25
Traballos tutelados	A20 A21 A24 A27 C1 C3 C4 C6	Nada que engadir ao que dixemos no apartado de «Metodoloxía».	75

Observacións avaliación

<p>- Non se pode superar a materia sen obter, cando menos, o 50% dos puntos que están en xogo nos talleres (1,25 sobre 2,5) e no traballo tutelado (3,75 sobre 7,5). Se un/unha alumno/a ficou por baixo dos mínimos establecidos nunha das dúas partes, na segunda oportunidade só terá que repetir esa, e conservaráselle a nota que obtívese na outra. No caso de que non alcanzase o nivel-soleira en ningunha das partes, terá que repetir as dúas.</p> <p>- Os/as estudantes que contan con dispensa académica suplirán a participación nas actividades presenciais someténdose a unha proba de ensaio (con outras palabras: a un exame final). O equipo docente proporcionará instrucións ao respecto con antelación suficiente. Cómpre indicar que o peso da proba de ensaio na cualificación final será superior ao do taller no caso do alumnado «común»: no canto dun 25 %, un 50 %. Sendo así, o peso do traballo tutelado ?que será de autoría individual? terá que descender dun 75 % ata un 50 %, obviamente.</p> <p>- Os traballos entregaranse, por defecto, de xeito telemático. De non ser posible, recoméndase que non se utilicen plásticos na encadernación, que se imprima a dobre cara e que se empregue papel reciclado. Cómpre, en suma, facer un uso sustentable dos recursos, a fin de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Nos nosos comportamentos persoais e profesionais, debemos abrazar principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica

Bordons, G., Díaz-Plaja, A. (Coords.). Enseñar literatura en secundaria. La formación de lectores críticos, motivados y cultos. Graó. Echeitza Sarrionandía, Gerardo (2019). Educación inclusiva. El sueño de una noche de verano. Octaedro. Gimeno Sacristán, J., Giné Freixes, N., López Rodríguez, F., Montón Sales, M. J., Onrubia Goñi, J., Pedrinaci Rodríguez, E., Pérez Pérez, C., Sanmartí Puig, N., Sentís Vayreda, F., Tirado Bausá, V., Alcúdia Casellas, M. R., del Carmen Martín, M. e Gavilán Bouzas, P. (2000). Atención a la diversidad: claves para la innovación educativa. Graó. Girado, Ángel (2015). ¿Qué sabemos de las altas capacidades? Preguntas, respuestas y propuestas para la escuela y la familia. Graó. Guijarro Ruiz, P. e Caro Valverde, M.ª T. (Coords.) (2015). Didáctica de la lengua y educación literaria. Pirámide. Martín Vegas, R. A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Síntesis. Martín, E. e Mauri, T. (2011). Orientación educativa. Atención a la diversidad y educación inclusiva. Graó. Onrubia, J. (coord.), Fillat, M. T., Martínez Nó, D. e Udina, M. (2004). Criterios psicopedagógicos y recursos para atender la diversidad en secundaria. Graó. Pasarín-Lavín, Tania (2021). Atención a la diversidad: claves para una inclusión real en un aula ordinaria. Graó. Reimóndez, María (2021). Bárbaras. Unha achega desenfadada á menstruación para adolescentes divers*s (e non só). Xerais. Pérez-Corbacho, J. (coord.) (2005). Cómo hacer programación didáctica y unidades didácticas: muestra de unidades (castellano, catalán, gallego e inglés). Grupo Editorial Universitario. Prado Aragonés, J. (2011). Didáctica de la lengua y la literatura para educar en el siglo XXI (2.ª ed.). La Muralla. Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011a). Didáctica de la lengua castellana y la literatura. Graó. Ruiz Bikandi, U. (Coord.) (2011b). Lengua castellana y literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas. Graó. Sevillano, M.ª L. et alii (2011). Programar en Primaria y en Secundaria. Estrategias y procesos. Pearson. Marco normativo e cuestións conexas. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación [texto consolidado]. <http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. Boletín Oficial del Estado , 295 (10-12-2013). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-12886. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado , 3 (3-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-37. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Or den ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado , 25 (29-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato. Boletín Oficial del Estado , 25 (29-1-2015). http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Boletín Oficial del Estado , 340 (30-12-2020). <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3/con>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria. Boletín Oficial del Estado , 76 (30-3-2022). <https://www.boe.es/eli/es/rd/2022/03/29/217/con>. Gobierno de España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado , 82 (6-4-2022). <https://www.boe.es/eli/es/rd/2022/04/05/243/con>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia , 120 (29-6-2015). http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Habilitacións: habilitacións para a docencia en centros privados. <https://www.edu.xunta.es/habilitacions/>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Oposicións: xestión de oposicións e tribunais. <https://www.edu.xunta.es/oposicions/Paxinalnicio.do>. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se



imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006...

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-211021-0005_gl.pdf



Bibliografía complementaria	<p>Hermida , Sonia (07/06/2021). Libros infantiles y juveniles extraordinarixs para todxs. https://soniahermida.com/libros-infantiles-y-juveniles-extraordinarios-y-discapacidad-listado-e-instrucciones-de-uso/Lo mas, C. (1999). Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras: teoría y práctica de la educación lingüística. Paidós.Lomas, C. y Osoro, A. (Comps.) (1993). El enfoque comunicativo en la enseñanza de la lengua. Paidós.Lomas, C. et alii (1993). Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua. Paidós.López Valero, A. y Encabo Fernández, E. (2001). El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario.López Valero, A. y Encabo Fernández, E. (2002). Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Octaedro.Mendoza Fillola, A. et alii (1996). Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Akal.Mendoza Fillola, A. (Coord.) (1998). Conceptos clave en didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / Horsori.Mendoza Fillola, A. (Coord.) (2003). Didáctica de la lengua y la literatura para Educación Primaria. Pearson.Muriano Rodríguez, M. M. O noso Symbaloo. https://www.symbaloo.com/mix/osymbaloodefundamentosMuriano Rodríguez, M. M. Conta da docente na rede social Instagram para uso académico: @montsemurianorMuriano Rodríguez, M. M. Conta da docente na rede social Twitter para uso académico: @montsemrMuriano Rodríguez, M. Pinterest: Os imprescindíbeis da nosa biblioteca de profes. https://www.pinterest.es/montsemurianor/os-imprescind%C3%ADbeis-da-nosa-biblioteca-de-profes/Pérez Esteve, P. y Zayas, F. (2007). Competencia en comunicación lingüística. Alianza Editorial.Serrano, J. y Martínez, J. E. (Coords.) (1997). Didáctica de la lengua y la literatura. Oikos-Tau.Unamuno, V. (2003). Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Graó.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías